

ESTUDIO JURIDICO
Domingo Goás Chao
ABOGADO

P R E G O N D A S F E S T A S D E S A N R A M O N D E 1.989.

MAXESTADE.

DAMAS DE HONRA.
RAMISTAS.

REPRESENTACIÓNS DAS ENTIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS.

PRESENTADOR.

AUTORIDADES.

VECIÑOS E PAISANOS.

FORASTEIROS.

Ben vidos; moitas gracias por estar *aquí* e boas festas de San Ramón e Santa María pra todos vostedes.

Levo sobre da miña fráxil e escoliosisica espalda, costas, lombo ou carrelo, que todo e o mesmo, corenta e dous anos de ausencia, que non afastamento, da miña vila. Media vida?. Xa quixéramos moitos que corenta e -- dous anos fosen só media vida. Non obstante, a hasta recente presencia viva da nai, faro de luz e d'ámor, mantívome en permanente estancia, evitando que fose engulido naquela relación de forasteiros de dentro -pra distinguilos dos de fora- que se facía pra diferenciar os que non eran do pobo ou venideros dos que acudian só en témporas a San Ramón.

Son, pois, villalbés, exerzo como villalbés e ratifico cun'ha presencia casi que habitual *aquí*, miña condición de tal. Pode ser ese meu único mérito pra estar *aquí* agora?. Porque non me ofrece dúbida de que, cando coñecístedes a miña nominación pra tan honrosa e grata comisión como ésta, moitos de vosotros, parodiando a película, vos preguntástedes: Qué fai un home com'a tí nun lugar tan séreo com'este?. ¡Qué ou-sadia!. Nun'ha tribuna pola que xa pasaron, entre outros, por imposibilidade de citalos a todos, nin sequera a todos os melhores, ilustrísimos

ESTUDIO JURIDICO

Domingo Goás Chao

ABOGADO

e elocuentes pregoeiros e manteedores, como o inolvidable ainda que desaparecido, noso señor Don Alvaro Cunqueiro, non só grande amigo, senon, amais, conselleiro en cuestiós de cabelo, o recomendar como fixador, ensunlla de capón de Villalba, si non o mellor, dos millores prosistas bilingües do século e do que supoñemos manterá tertulia habitual con algúns dos once mil anxos dos que me ten contado tiña feita ficha; Don Uxio Be-santa Curbera de quen o pobo agarda ainda moita axuda urbanística; Don Carlos Fraga Carreira, noso Notario hasta fai pouco tempo en Madrid e a quen lle agradeceremos nos agasalle, nementras a firma das escrituras, con pedazos, como música de fondo, ainda que seña da ópera Don Giovanni de Mozart; Don Pablo Peña de Olano cuyas Memorias resistímonos a perdoar lle, ou tamén, máis recentemente Don Manuel Fraga Iribarne, eminente intelectual e político do que moitos villalbeses e outros mais que non o son, agardan impacentes que denseguida ostente a Presidencia da nosa terra galega, e ainda o ano derradeiro, o noso tamén procer paisano Monseñor Rouco Varela, pra que agardamos un pronto capelo e desexamos e non defalecemos de ir a postrarnos ante él en Roma con tiara pontificia, sin que eso supoña nengún mal desexo contra o Papa polaco.

Diante o carisma e calidade de tales predecesores, queridos amigos, é seriamente obvio perguntarse como deciamos antes: Qué fai un home com'a min nun'ha tribuna como ésta?. A verdá é que só caben duas razós posibres: ou ben c'o Alcalde de Villalba non tiña a man a quen convidar e acordou, com'aquele rapaz do conto que lle levaba de presente as mazás o Bispo, "porque nin os cochos as querian" - é broma, claro - pensou n'un, ou ben, - e esta si que é a verdade - que foi a fraternal amistade que nos xunta

ESTUDIO JURIDICO

Domingo Goás Chao

ABOGADO

dende a nenez, mais que sen dúbida fará d'el desde agora e por iso, que non seña tan mayoritario, que seña mais discutido e hasta poide que perda algún voto por esta convidada e escollida. E todo eso axuntado a miña propia insensatez e soberbia a o aceptar. Aceptade Vostedes no meu descargo que no reparto de talentes a un lle corresponde quedar integrado naquel infinito número de insensatos a que se refire o proverbio bíblico: stultorum infinitus est númerus, esto é, o número dos insensatos e infinito. Este latín non o coñece D. Alfonso Guerra. Pero tamen hay que perdoarlle o Alcalde mayoritario de Villalba. Non só porque trabucarse é de humans,- e como descubreu recentemente o actual Ministro de Xusticia, o home é un'ha persoa humán-, senon porque moito mais se poderia perdoar o home, o Alcalde, cando, como decia aquél famoso Alcipreste de Robra, coñecido por Zoquiñas, en aras o seu sempiterno calzado, con ocasión d'un sermón a unhos cazadores no que lles notificaba que a tormenta terrible da vispra que había estragado a colleita era en castigo dos seus pecados, rematou conque Deus nunca se trabuca e, si algun'ha vez o fai, hay que perdoarlle que pra eso é Deus Noso Señor.. Non asemella haber argumento millor pra perdoar o Alcalde de Villalba, porque certamente non é Deus Noso Señor.

E para rematar esta xa longa introdución, en troco da que prometo ser breve no contido do pregón, hey de sinalarvos que o meu coñecimento do idioma galego, como facilmente xa vos destes conta os autóctonos, é o aprendido na rua de neno. Eu sinto un'ha sá envexa do galego do noso querido amigo e presentador Xulio Xiz, florido, académico, puntual, mais tantos anos de ausencias alongadas e a falta dun'ha lectura habitual en

ESTUDIO JURIDICO

Domingo Goás Chao

ABOGADO

galego- porque ~~há~~ o xornal de Lugo, EL PROGRESO, do que son suscriptor, tamén escribe en castelán-, fai que non o poida falar, como seria desexo de todos. D'outro xeito e dado que eiquí está entre nosoutros un selecto conxunto de amigos, dos forasteiros de fora, no que o idioma se refire, que en canto o resto xa están no noso cór, permitiréedesme que a parte do Pregón na que se citan textos e datos históricos, se pronuncien en castelán, non só por deferencia hacia eles, sinón por un simple exercicio do dereito constitucional o uso do bilinguismo. Eso sí, pronunciadas con acento galego, que, en trinta e sete anos que levo fora de Galiza, non tuven tempo nin ganas de perder. O menos, ún non é com'aquel galego do conto que tras estar seis meses lonxe d'aldeia, esqueceu o galego hasta que pi-sou o "rastrillo"; este deulle un trompazo nos fociños e enton lembrou to do o esquecido e xurou: ¡Carallo pro enciño!.

Dito todo esto, que o millor non era necesario nin siquera conveniente, pero estamos en festas e esto disculpa moitas cousas e concede algunas licencias, imos tratar de acender o fogo destas festas, que é do que se trata pra que logo entre todos o manteñamos vivo e vigoroso, o menos mientras duren e pra eso estamos a situarnos no espacio e no tempo.

¿Onde estamos?. Como antes decia, vou citar alguns textos e autores que, ainda que galegos, escriben en castelán polo que entendo mellor referilos neste idioma e logo viramos de novo o galego. Entendan que non sei abondo pra ser traductor.

Escribia el Catedrático D. Antonio Fraguas y Fraguas en 1.953, en su Geografía de Galicia, al describir la tierra llana de Lugo, que la denominación de terra cha tiene un alcance geográfico muy diferente en la

Domingo Goás Chao

ABOGADO

expresión de las gentes de la misma comarca, por lo que resulta más difícil -aun de modo relativo-, dar la delimitación de los límites de esta comarca. La nomenclatura oficial designa a Castro de Rey como centro de la tierra llana para circunscribir de esta manera la comarca a la región palustre, comprendida entre el Miño y el Támoga; pero la característica general de las tierras parece asignarle una mayor extensión, limitándola de un modo amplio, por los derrames de los Montes de Fitoiro y Cordal de Ousá, por la parte meridional, cerrando los horizontes de Lugo; Al Norte, el Cordal de Neda y la Sierra de la Carba; al Este, las estribaciones de la Sierra de Meira, que descienden en formas gastadas por los macizos de lineas onduladas, características de la Comarca, las cuales contribuyen en ocasiones, a que no sea llana la tierra que lleva este nombre; y, finalmente, limitan la tierra llana por el Oeste, las derivaciones de la Sierra de la Loba. En tan amplia extensión, los naturales distinguimos tres partes: Tierra llana, Brañas y Chaira.

La Comarca -concluia- es tierra rica en agros de centeno (leiras de pan), que ondula en amplios oleajes el viento que cruza la llanura. Prados y pastizales en las zonas encharcadas y el seguro dominio de los abedules guiando regatos y caminos, caracterizan la estampa más sencilla de la Comarca de gándaras y lamas.

La amplitud que señalan los límites de la tierra llana, hace que esta se extienda por las tierras de Villalba y de Lugo.

El centro de relación de toda la Comarca -aun cuando no sea el Centro geográfico-, es Villalba, la capital comercial de la terra chá. En plena chaira.

ESTUDIO JURIDICO

Domingo Gois Chao

ABOGADO

Villalba - y no y nunca Vilalba-, es una villa y ello significa, como señala Casimiro Torres en su "Galicia Romana", la más honda transformación en el aspecto jurídico-económico-social, de la población indígena. Al castro, asentado en posición elevada, protegido con muros que denuncian una situación de inseguridad, al menos en relación a los ataques al castro vecino, le sustituye la villa abierta y en pleno valle o llanura, como exponente de la seguridad que lleva aneja la paz romana. De suerte que puede afirmarse que, así como el castro es un producto típico y retrógrado de la cultura céltica, la villa lo es de la Galicia romanizada.

Las villas se reconocen por sus hallazgos arqueológicos; por su toponomía y, sobre todo, por las cartas o diplomas medievales de transmisiones hereditarias, de ventas, donaciones o permutas. Pues, como dice Alberto Sampayo, la organización romana perdura en Galicia hasta la Reconquista, dado que la dominación árabe fue muy efímera en Galicia.

La propiedad colectiva del castro o de la tribu se transforma en individual o familiar en el caso de la villa, con la obligación de pagar un censo en proporción a la extensión y calidad de las tierras concedidas. Así surge la institución de las villas en Galicia. Se trata de un terreno feraz, en un valle o llanura a la orilla de un río, o al abrigo de una montaña, apto para el autoabastecimiento de una o contadas familias.

No necesita muros de defensa, pues goza de la paz romana; el cultivo es variado; coexiste el cultivo de cereales, legumbres y frutales, con el de prados y bosques. La agricultura, la ganadería y las industrias caseras se hallan hermanadas. No se encontraban en éllas solamente el dueño (dominus), los esclavos y los libertos, sino los artesanos, técnicos

Domingo Goás Chao

ABOGADO

en toda clase de oficios, que sabian transformar y elaborar los productos, sastres, herreros, constructores de aperos de labranza, etc.

El terreno es más fertil que el cultivado por los habitantes de los castros, reducido al terreno limítrofe montañoso, más apto para el pastoreo que para la agricultura y cultivado principalmente por mujeres.

El acarreo de los productos es tambien más fácil en el terreno llano que las villas suelen ocupar. De ahí que, por interés propio, la población abandona los castros y se instala en las villas.

En Galicia las villas son mucho más modestas que en otras Provincias romanas, pues carecen de construcciones defensivas, como murallas o torres (la nuestra no ostenta tal carácter), puesto que Galicia estuvo lejos de las invasiones bárbaras hasta el siglo V y tampoco existieron grupos rebeldes como los bagaudas en la Galia o los donatistas en Africa.

A partir de la Reconquista, la organización romana de las villas tiene que desaparecer, puesto que los Reyes, por el derecho de pressura, pasan a ser dueños del territorio conquistado y entregan porciones del mismo a los que les ayudaron en sus campañas y desaparecen los derechos de los antiguos propietarios que expresaban una relación jurídica que no existía; pero el pueblo continuó dándole al predio el nombre del propietario antiguo, romano, suevo o visigodo y esto pasa a tener sentido topónimico. Tienen este origen pueblos como Guitiriz, Mondariz, Verín, Villagarcia, etc.

Y la denominación popular de villa que a nosotros nos afecta, se prodiga en mil ejemplos de suerte que, si bien podemos comprobar su abundancia en las cartas, diplomas, transacciones de compraventa o permuta, donaciones en vida o testamentarias, redactadas por los Notarios, no menos se encuentra en la multitud de aldeas o ciudades así denominadas por el

ESTUDIO JURIDICO

Domingo Gois Chao

ABOGADO

pueblo, por su situación topográfica o sus producciones. Y ahí están Villalba, Vilela, Vilardebós, Villadecieros, Cima de Vila, Villarino, Villarío, Vilarponte, etc.

En la Crónica de D. Fernando IV aparece la villa de Villalba, en 1.304, como villa fortificada. Quien haya erigido su fortaleza, es cosa que no se sabe, aunque algunos afirman que lo fue un tal Rodrigo Sánchez, en el s. XIII, pero esto no está comprobado.

La villa de Villalba, - villa alba en los instrumentos medievales-, era, a mediados del s.XIV, señorío de D. Fernando Ruiz de Castro. Después, el Rey D. Pedro I, por privilegio expedido en Murviedro el 1 de mayo de 1.364, hizo donación de élla a Fernán Pérez de Andrade o Boo "para siempre jamás", juntamente con su feligresía y las de Puentedeume y Santa María de Narahío "por muchos buenos et leales servicios que me avedes fecho y facedes cada dia".

Pero el Fernán Pérez, resultó ser uno de los pioneros del transfugismo, porque en las luchas entre Don Pedro el Cruel y su medio hermano Don Enrique de Trastamara, se puso al lado de éste, el cual premió la defeción del de Andrade concediéndole nuevos privilegios, entre ellos uno de confirmación de nuestra villa con sus términos -aunque en vez de villa le llama lugar-, expedido en Burgos el 3 de agosto de 1.373.

El yugo impuesto por Andrade o Boo a sus vasallos era sumamente benigno y aun provechoso: y lo soportaban agradecidos. No así el de alguno de sus sucesores, como Nuño Freire de Andrade que, según la Crónica de D. Juan II, era señor muy fuerte y duro y que no lo podían soportar, los trataba con crueldad excesiva, conducta que movió a las gentes de Villalba a levantarse contra su opresor. Y que, unidos a los villanos de las demás

Domingo Goás Chao

ABOGADO

jurisdicciones que componian los Estados de Andrade, hicieronle al Nuño dura guerra, destruyéndole muchas propiedades y varias fortalezas, entre éstas la de Villalba; pero, derrotados los plebeyos en la batalla de Puentedeume en 1.431, fueron ahorcados unos, encarcelados otros y obligados los más a reparar los daños causados y a restaurar a su costa los desperfectos de los castillos, quedando todos ellos, de nuevo, sometidos y tratados con mayor dureza que antes de la sublevación.

La muerte de Nuño Freire vino a aliviar la situación de los pecheros, a quienes se les atendió con verdadero afecto por otros sucesores de aquél, especialmente por Fernán Pérez de Andrade (segundo de ese nombre). A este, lo confirmó D. Juan II en la posesión de la villa, en unión de las de Ferrol y Puentedeume, por escritura extendida en Valladolid a 9 de julio de 1.442.

Villalba, en esa época, debía estar muy poblada, ateniéndonos al juicio de Vasco de Aponte, quien relata que Fernán Pérez tenía en ella 730 hombres vasallos, sin contar los que había en sus términos.

El alzamiento de las Hermandades Gallegas, os Hirmandiños, ocurrido en 1.467 y que, en sus comienzos parecía que iba a abatir totalmente el orgullo y altivez de la nobleza, empeoró la situación de los pecheros, de tal forma que no volvieron ya más a poner en práctica sus intentos de reivindicación. Sin embargo, produjeron también a los señores feudales muchos daños, derribándoles infinidad de fortalezas, de las que pocas quedaron en pie. Entre las arrasadas se cuenta la de Villalba, de la que no dejaron piedra sobre piedra. Hacia 1.48..., y siendo Diego de Andrade señor de la villa, fué, de nuevo, reedificada la fortaleza aludida.

Domingo Goás Chao

ABOGADO

A Diego de Andrade sucedió en el señorío su hijo D. Fernando de Andrade, - aquél bravo general que, notoriamente, se distinguió en los campos de Seminara-, y a éste sucedió su hija Doña Teresa de Andrade, que casó con D. Fernán Ruiz de Castro, por cuyo matrimonio, la villa de Villalba y todas las demás que componían los Estados de Andrade, quedaron incorporados a la Casa de Lemos, que las poseyó hasta principios del Siglo pasado, época en que todos los señoríos fueron extinguidos. De todas formas ya se había perdido la nacionalidad de Galicia desde que le cortaron la cabeza a D. Pedro Pardo de Cela, el famoso Mariscal Pardo de Cela. Muchas cosas de estas nos las cuenta Tettamancy Gascón.

De este xeito, polas suas producções agrícolas, pecuarias e gandeiras caracterizouse sempre Villalba. Esta chaira regada polos ríos Ladra, Madalena, Trimaz e Labrada produce notables colleitas de trigo, centeo, millo e patacas, amén de nabos e, sobre todo, herba, moita herba que permite manter un extraordinario gado, más de leite que de carne, porque os árbores semella que hay un interés desmedido en rematar con eles, ainda que non esteña claro o por qué.

O que resulta curioso e que nesta terra non haxa ninguna vide, nin unha viña, nin unha parra. Maxín e Benigno de Rábade tiñan o monopolio dos pozos e os químicos pra fabricar viño. Non é que eu vaya a facer un'ha apoloxía do viño galego, que tén un cheiro e un buqué exquisitos, pero que produce unhas acideces e un'has fermentacións que fan muy difícil pra estómagos moles a sua degustación. Mais, ainda que os Concellos de Chantada, Quiroga, Rivas do Sil, Sober, Monforte, inclusive Portomarín, dan caldos enxebres e apreciados por gourmants e gourmets, en Villalba, non existe tal divino producto.

ESTUDIO JURIDICO

Domingo Goás Chao

ABOGADO

Pero, a falta de viño, o que sempre houbo en Villalba, foron eximios bebedores de viño. E eu desexo lembrar aquí a certos amigos que xa todos eles se foron a disfrutar co Deus Baco as eternas delicias dos caldos inmarcesibles e incorruptibles. Todos eles foron esencias vivas do pobo e mostras imperecedeiras dun'ha contracultura popular.

Quero referirme o Siso quen co as suas cabalarias levaba e traia paquetes e mercadurias a e desde Baamonde e, anque fose dormindo, as cabalarias paraban en todas as tabernas onde o Siso tiña que repostar. Os animais non se trabucaban nunca. Tal era a experencia que tiñan dos hábitos do Siso.

Tamén quero falar de Modesto Gayoso cando, unha vez que xa rematara de repartir os xornais, pillaba unhas beodeces monumentales que o levaban a facer la apoloxyía do seu casamento co a sua muller a quen chamaba a miña marxista. Seu berro de guerra era o de ¡ Modesto Gayoso mangonea, y arriba el campo!. ¡ Canto lembrará Carmiña García Mato as veces en que por enchente da vispra, os diarios do dia seguinte cadraban sin repartir!.

Non poido esquecer a meu grande amigo o Manoliño do Merlo, probablemente o mayor bebedor de todos e home con grandes coñecimentos d'economía. Non só porque a sua era a única casa do pobo que non tiña luz, mais tamén desde aquelas admonicións a sua nai cando lle pedia cartos: ¡Qué fixo cos dous reás que lle dín a semana pasada?, pasando por aqueles saudos en perfecto castelán : ¡Buenas tardes D. Domingo...y la Virgen Santísima!, expresión de aforro, sincopada da que seria mais normal d'agradescemento o recoller o óbolo cotidiano que significaba ¡ Boas tardes D. Domingo. Que Deus llo pague e a Virxe Santísima!, e polo invento rudimentario pe-

ESTUDIO JURIDICO

Domingo Gois Chao

ABOGADO

ro eficaz que puxo en práctica cando o Andrés Baamonde se lle rompeu un tonel de viño na Praza de San Xoán e comezou a verter Ferreria abaixo. Manoliño situouse xunto o imbornal d'unha alcantarilla, puxo un saco, remansou o viño e disfrutou behendo lediciosamente, porque, repito, o que vertía era todo un tonel. Certamente que moito do conteudo, perdeuse.

(Unha vez ofreceronlle cinco litros de viño si se deixaba embudar e cando xa levaba trasegados mais da metade comenzou a poñerse morado, faltáballe o aire, abafaba, afogaba, e entón quitáronlle o embudo, sentárono, recuperouse e apenas puido falar, preguntou: Quedou algo de viño?. Pois entón deixaimo bebelo tranquilamente.) ;Era un prodixio!.

E remato co inolvidable filósofo que era o Tomás da Xaneira. Tomás bebia o viño en xarras -d'ahí o de Xarriñas como tamén era coñecido-, para disimular diante da sua muller que o perseguia polas tabernas e o non mirarlle o vaso diante, creia que non bebia. Ademais, Tomás era formeiro; facia nas casas fornos pra cocer o pan e asar a carne, e coñecida é a sua anécdota cando celebrando a cea do albaroque dun forno caseiro, recien rematado, diante o estrondo que se formou co seu súpeto derrumbamento, pronunciou aquela lapidaria sentencia "E non iba a durar toda a vida!.

Poderiamos sinalar dúceas de bos bebedores pero o tempo e outras razós aconsellan non facelo aquí e agora.

Tampouco as festas de San Ramón e Santa María van a durar toda a vida; por desgracia cada ano están a faltar algunas persoas que nos axudaban a facelas mais ditosas. Este ano, recentemente, entre outros queridos paisanos, foron senos pra sempre, Palmira Bermúdez ♀ Leis Somoza, como mais inmediatos. Pero a vida sigue; nosoutros estamos aquí pra mante-

ESTUDIO JURIDICO

Domingo Goás Chao

ABOGADO

las e a eso estamos a nos adicar.

O pregoeiro non sabe e así o confesa, desde cando datan as festas de San Ramón. Promete investigalo.

O pregoeiro coñece, como supón que todos vostedes, que San Ramón naceu en Portell, pequena aldeia da Segarra, Diócese de Solsona, na Cataluña, a redor do ano 1200, de pais homildes ou, si nobres, vidos a menos, segundo asemella. Seu apelido foi o de Sarroy e o alias de Nonnat ou Nonato deúselle por estar a ser sacado vivo do seu de sua nai xa morta, facia un ou mais dias, segundo os cronistas. Algúns engaden que quen co seu coitelo andivo a salvarlle a vida foi Guillem Folch, Vizconde de Cardona que se atopaba cazando arredor e que despois apadriñouno. Foi mercedario, ofreceuse como retén os moros en diferentes ocasións, fixoo Cardeal o Papa Gregorio IX e morreu arredor de 1.240. Tiña 40 anos proximamente. E anecdótico que cando morreu loitaban frades e familia por dispoñer do cadavre e entón chegaron o acordo de subilo a unha burra cega e esta, despois de dar voltas e voltas co corpo do santo o lombo, foi caer esmendrellada na porta da Igrexa de San Nicolás onde o final foi enterrado. Gañaron os cregos.

Este noso santo Patrón foi sobre todo un home xeneroso, desprendido, un verdadeiro amigo hasta dos seus enemigos. Será por eso polo que en Vilalba hay tantas persoas xenerosas e desprendidas asemellando o seu Patrón.

(De Santa María non ouso nin a decir nada porque, nin son quen, nin sei, nin ren podería decir que vostedes non souperan e moito mais. Un infinito respeto hacia tal nome e tanto representa está a me inhibir de

Domingo Goás Chao

ABOGADO

calquer outra exclamación que non seña a de Nai de Amor. Como o sacristán do conto eu límitome a tutear os santos, mais d'ahí non paso.)

Pra os que vimos tradicionalmente a celebrar as festas de San Ramón e Santa María existen doux sentimentos fondos e fortes que estamos a compaxinar: o morriñento e o lúdico e ledicioso.

O morriñento lévanos a ter presentes aquéllas festas nas que estaban os que hoxe están a faltar e a soñar con aquellas institucións que tamen se foron. Aquelas festas, sin actos culturais, estaban muy suxeitas o relixioso, o gastronómico e as monumentais verbeas na carretera hasta as duas da mañá e baixo a severa vixilancia da Guardia civil. Pero, primeiro a banda, despois as Orquestas Mato e Nueva Lira, xunto co cuarteto de gaiteiros *BRIJAS DO RAMÉGO*, son institucións que xamais poderemos esquecer. Mais, como todo o pasado, hay que mantelo na mente, lembralo, ter saudade inclusive dele, ainda que haxa que mirar o presente que é o noso e ter esperanza no futuro pra que, o menos, ainda que algúns estemos a faltar, as festas sigan.

D'un ancestro glorioso que recolle os aspectos relixiosos, gastronómicos e verbeneiros, deixounos Carmiña Prieto Rouco un'ha lembranza florida nas suas Horas de Frebe. Intitulouse "O dia do Patrón".

Hox'e dia do Patrón,
Dende pola mañá cedo
Andan as mozas n'a casa
Todas con grande voureo.

Ven a hora d'ir pra misa
Empezan a guerrear
Entre-las nenas d'a casa
A cal d'elas quedará.

-Eu vou qu'o ano pasado
Xa non me deixastes ir
E a outra:- pois a gano
Tamén me toca ir a min.

Vou eu que son a mais vella
¿Hey de quedar aquí soya?
Entercede logo a nai:
-; Vade todas, vade todas!

Xa veñen os convidados
Chegando a casa da festa
Antes de sair pra misa
Séntanse un pouquiño a mesa.

Traénllles algo de comer:
Pan e carne, queixo e viño
Pois deben de traguer gana
Que veñen de moi lonxismo.

C/. ANGEL MUÑOZ, 14. 16 - TELS. 413 05 43 - 413 05 97 - 28043 MADRID

① e fu pese a lúa beleta, polo lúa longura, non podemos deleitarnos en recitar

Domingo Goás Chao

ABOGADO

Mentras amañans'as mozas
Poñen os vestidos novos
E saen c'os convidados
Qu'a mayoria son mozos.

Entran xa todos n'a Igrexa
Pra ouir do crego a palabra
Que sempre despoxis da misa
Tal dia como hoxe fala.

Empez'a sair a xente
Pra se unir a procesión
Y o gaiteiro vai tocando
E alegrand'os corazós.

Vai alí a moza do ramo
con duas acompañantes
Homildes e caladiñas
Mesmeño detrais.

Hay fogos. A procesión
Xa se recolle pra Igrexa

E as mulleres n'as suas casas
Andan c'os pistos a presa.

Xa da misa van chegando
Xa veñen vindo pra casa
Y os mozos sentanse a mesa
Da branca camisa en mangas.

Empezan logo a comer
Que a xente trae apetito
Veña lacón traís lacón
Vaso traís vaso de viño.

Pola tardiña outra vez
Volven pra festa de novo
E pra casa non retornan
Hastra qu'e noite de todo.

Arman despoxis o folión
Así que veñen da festa
¡ Nunca s'enchen de bailar
as dichosas xentes esas!.

No lúdico, as festas de San Ramón e da Patrona eran, ~~como se mireu,~~ ^{portanto}, gaiteiros, misa, xanta e verbena. E tiñan o seu anxo. Porque d'aquela, non se estaba a ir a playa, entón non había coches (ainda que Villalba, e así o decia a canción-, por mais que non tiña tren, si tiña coche de liña); entón non había orquestas tan sonoras e vistosas como hoxe medran.

Eran tempos de gaitas e gaiteiros da vila; bandas de música, sobre todo a de Villalba e a Municipal de Lugo, co seu meste Santiago, que a hora do vermut interpretaban O Sitio de Zaragoza, os Intermedios da Boda de Luis Alonso e da Leyenda del Beso, a Alborada de noso Pedro Veiga, etc., no kiosko da Alameda tristemente desaparecido. Eran tempos nos que precisamente no Concerto, era o sitio de encontro do clero cos republicanos. Porque a misa solemne e a procesión, os segundos non estaban pola tarefa de asistir certamente, sinón, a o sumo, como mirós a sombra da pravia.

A festividáde relixiosa, de fastos preconciliares era notabel os días 31 de agosto e 8 de setembro e era seguida da procesión cum importante C/. ANGEL MUÑOZ, 14-16 - TELS. 413 05 43 - 413 05 97 - 28043 MADRID

Domingo Godís Chao

ABOGADO

cortexo de fieles.

Despois viña a xanta que -certamente- ainda coas limitaciós económicas da época, era, naturalmente, xanta de patrón, co foguete a media comida e termaba hasta a hora do futbol ou do concerto do serán, preludio dun'ha verbena que a Banda se encarregaba de armonizar e a Guardia civil, fiel cumplidora das ordes da autoridade, se encarregaba de desfacer con grande enfado dos miles de paisanos que tiñamos o baile na carretera como fundamental diversión, porque o Casino só era pra socios e algún forasteiro. Daquela non había boites, nin salas de festa, nin pubs, nin cafeterías. Só a Vizcaina, O Roca e o Fornos, de grata memoria. E moitas veces un San Ramón chuvioso animaba as parejas a bailar inclusive co paraguas como en Xaneiro no San Xulian de Mourence.

Os coches da liña do mancer e a cena tardarega dos autóctonos, pechaban a xornada co apagón xeral da escasa iluminación.

Hoxe, hogano, nosas festas non son nin millores nin piores qu'as d'antano. Son sustancialmente diferentes.

Temos este maravilloso, reconfortante, certamen das letras galegas con participación aberta a esos extraordinarios poetas e escritores, consagrados uns, novatos outros, pero todos aportando suas calidades no desenrolo do arte e das letras, certamen que entendo hay que potenciar e mellorar como toda obra humán que é perfectible. E a antesala da festa e a porta cultural de todo seu desenrolo posterior e eu ousaria decir que deberá axustarse a que fose,-sigo referíndome o certamen-, o aspecto mais distintivo da festa, de cara o exterior, como un riau riau pamplonés ou o acendido do feiral de Sevilla. Mais esta potenciación que debe diri-

ESTUDIO JURIDICO

Domingo Godís Chao

ABOGADO

xirse o idioma galego, non ten que facer esquecer o castelán. Si somos bilingües, entende de estritez mental rebaixar noso potencial comunicativo só o galego que, en definitiva, falamos cerca de tres millóns de cidadans con muy pouca previsión de medra futura, mentras o castelán fállano mais de trescentos millions cun'ha previsión de incremento acelerado e xa é idioma muy coñecido na Europa e oficial en moitas institucións, onde tamén e certo que se fala o galego. ¡A nosa gloriosa xente que traballa aló!. Esto non quere decir que se descoide, desprecie ou asoballe noso idioma, pero xa deciamos que o nacionalismo galego morreu cando degolaron o Mariscal Pardo de Cela e esto é irreversible. Este acervo cultural é, insisto, preciso potencialo, cultivalo e facelo prosperar, pero dentro de seus límites e posibilidades e sin desconocer que somos cidadans, non xa europeos, sinón universales e desde xeracións e vivimos nun Estado, a España que, dentro de Europa, é o único Estado que por sí só e un continente.

Este certamen, a mais, estanos a traer o frescor e raudal de beleza que imprimen o acto a Raiña e suas Damas de Honra, así como o coorido que verten, xunto a colaboración das Entidades culturais e deportivas da vila nun encomiable e plausible esforzo por realzar as festas, festas que tamen hay non só que manter, sinón incrementar sobre todo en calidad.

¿Qué altura desexamos pra o Certamen?. Pois nada mais, nin nada menos que que poida ser o dia das letras galegas de Villalba.

Tras o literario e plástico, artístico en definitiva, destacan das festas, aparte do tono relixioso, luminotécnico e pirotécnico, tres trazas lúdicas fundamentais que é preciso relembrar. Estos aspectos son: o gastronómico, o musical e o campestre.

Domingo Goás Chao

ABOGADO

O aspecto gastronómico, polas datas, sufre tres handicaps muy serios que, sin embargo, como veremos, quedan ben suplidos, a saber: os grelos, a matanza e os capós. Pero esto tamén e conveniente porque sinon, ¿qué se faria da Pascua e do 19 de decembro?.

O asunto resta ben cuberto, E tratase non só de cartos, sinon de capacidade.

Un menú dun'ha estrela situanos diante un'hos entrantes de frutos do cortello, un completo cocido, un succulento asado e queixo e roscón de Villalba de postre. Todo material do pais.

Un menú de duas estrelas ponnos diante unh'os inevitabeis entrantes, un bō peixe do río (troitas poño por caso), o ineludible cocido, xato e cabrito asados e queixo e roscón de Villalba con un brazo de xitano, pra dixerir os entrantes.

E un menú de tres estrelas, si alguien poide co el porque igual nos leva o sartego ou, o menos, a tumbona pra botar un'ha boa siesta, poide consistir nun'hos entrantes de marisco de anteprincipio de estación; unh'as troitas de Trimaz, unh'as merluzas de Fisterra, un bon lacón con cachelos e chourizos e unh'os asados a base de polo campeiro, xatiño de 125 kilos en bruto e cabrito e todo adobado con queixo e roscón de Villalba, tarta de Mondoñedo e o millor algún postre caseiro como natillas ou flan.

¡Nunca poderemos esquecer o Maragato da Fereria!.

O asunto é o viño. Ribeiros, albariños, condados, godellos, amandis, barrantes, ~~sabor~~, etc., regan xerosa e abundantemente tales condumios. Mais os que temos bandullos proclives a acidez, debemos afastar de tales nosos néctares odorosos e gustosos, sabrosos, pra dar paso o Rioxa ou a

Domingo Goás Chao

ABOGADO

caldos da Ribeira do Douro, menos ácidos, anque lixeiramente mais subidos de grado alcólico. O final, entre cava e queimada, prepárase o corpo para dar un'ha volta polas barracas da feira, ouir un pouco de música e disporse o persoal para un'ha frugal cena fria a base de empanada e algún asado, ben regados de novo, como antesala da verbena.

A verbena perdeu a sua aglomeración de antes. Agora non se dá aquela escea amorosa de ¡Toña, eu quérote!. ¡Baila Toña, que é un valse!. Hoxe habemos de estar a os ritmos posmodernos que producen moito ruido, algo de ritmo e non excesiva armonía nos seus arpexios. Hoxe non se baila só con parachuvas, hoxe bailase hasta con cascós para ouir mais música ainda. O decibelíaxe que producen orquestas e barracas aseméllase o dos F-16 de Torrejón de Ardoz.

Pero a verbena impõse. Hoxe cos sindicatos e os contratos de traballo ríxidos, non é preciso que a disolva a Guardia Civil. Hoxe dissolvea a Orquesta a hora fixada como de vencimento do contrato.

E chega o dia da xira. A víspera da feira. E coa xira, a compendiosa ledicia e enxundiosas ludicidades das festas. Xa foi San Ramón. Xa pasou a Patrona. E o sábado, móntanse os telderetes para evitar o frio e a chuvia si sucede. Móntanse mesas e bancos e as sufridas amas de casa sacan as millores galas, tanto de telas como de vaixela, como de condumio e bábeda e o amor do campo, cómese, bábeses ben, baíllase agarimosamente, hay quen se desvia polos cómbaros e despues dí aquéllo de ¡Y eu, calada!, pasease e disfrutase o fin coa sesión de fogos de artificio a veira do río. E o gran dia da festa campestre, inclusive para os xitans quenes nos primeiros días de setembro non deixan de rematar de facer o seu agosto.

ESTUDIO JURIDICO

Domingo Goás Chao

ABOGADO

Esto, en síntese, como sabe todo o mundo, autóctonos e foráneos, e o que dan de sí as festas de Villalba de San Ramón e Santa María. Pero había que lembralo e así dito queda breve e sumariamente. O que significa que, en moitos aspectos, as festas de Villalba asemellanse as festas de tantos e tantos pobos e cidades galegas. Por eso creio que especialmente o certamen e a xira son os dous elementos que hay que potenciar e magnificar, como santo e sena das festas de Villalba.

Pero pra min, persoalmente, as festas de Villalba teñen algo verdadeiramente distintivo, señeiro e de incalculable valor que as elevan hasta sublimais. E a enorme exaltación da amistade que nelas se produce. Parece como si as festas produxeran un'ha catarsis nos hábitos de cada cidadán e en canto chegan, ¡e canto o apreciamos os que vimos de fora!, extrovírtese este sentimento de amistade, de entrega, de fraternidade, de, enfin, sano amor. Este volvérse co amigo, este facer partícipe o amigo do disfrute do propio como do outro, este feitizo de confraternidade sin enrugas nin dobleces que prodiga o nativo co visitante e un virus contaxioso que deleitosamente leva o foráneo a sentirse tan próximo en Villalba coas suas xentes que lle fai manterse uncido a elas e sentir necesidade de presencia, morriña de ausencia, preñez de afecto e sentimento de verdadeira amistade.

Esta é a xoia mais preciada que locen as festas de Villalba. As outras xoias son as que se manifestan a traveso de ese rico brilante que é a Raiña, deses diamantes que son as damas de honra, desas esmeraldas que forman a sua paisaxe, desa augamarina que é a xira cabo do río, deses zafiros de gozo e ledicia que forman os gaiteiros, as bandas e as orquestas, deses rubís bermellóns, enfin, que son os corazóns de villalbesas e villal-

ESTUDIO JURIDICO

Domingo Goís Chao

ABOGADO

beses. E a gran tradición festeira de Villalba onde non cabe a falsedad da circonita, nin a dureza do feldespato, nin a aspereza da grava. E o meu gran pobo, o das suas grandes festas, o das suas inigualables xentes e eu por eso, síntome eiquí, muy ditoso e fachendoso. ¡Qué digan que somos barrocos os galegos e que acabe por decir estos días o Sr. Guerra que os que saben vivir son os do Sur!. Sería curioso saber en quen estaria pensando Ortega cando decia que de cada dez españoles, un pensa e dez ornean.

E dito esto, comenzarei a rematar.

Maxestade: Que a vosa beleza, donaire e ledicia, señan a nosa portada e esencia d'as festas d'este ano.

Damas de honra; Que o voso meigallo seña o perfume que impregne o puro aroma das nosas festas.

Ramistas: Que o voso esforzo impagable non decaya. Sentídevos ben pagados co éxito d'as festas. Non sempre se recompensa o esforzo e só algun'as veces se reconócece. E así, si seguides outro ano, ánimo e moitas gracias. E si pasades a testemuña a vosos sucesores, inculcadelles o alento do entusiasmo e da entrega. Nos aboa polo exquisito Programa que editástedes. Eso resta pra posteridade.

Representantes de Entidades culturais e deportivas: Sentídevos facheados do voso mecenazgo e da vosa inapreciable colaboración e, si mos é posible, incrementade vosa axuda e presencia tanto neste Certamen como no resto das festas.

Presentador: Que a tua eviterna presencia nestes estrados, que nunca será suficientemente agradecida, o igual que no Xurado do Certamen, se convirta noutra presencia, como Manteedor do Certamen e do que estou seguro de que todos os villalbenses nos sentiremos altamente satisfeitos.

Domingo Goás Chao

ABOGADO

Autoridades: Reiterarvos o rogo de que fagades das nosas festas un'ha verdadeira mostra das letras galegas e un arquetipo con propia personalidade, ben diferenciada, como acontece, poño por caso, cos Caneiros ou co Naseiro, con serios fundamentos culturais e gastronómicos.

Veciños: Si un grao non fai graneiro pero axuda o compañeiro, sentídevos solidarios coas vosas festas e pensade non só no que podedes sacar de proveitoso delas sinon no proveito que pode sacar o pobo e, con él, todos os veciños, dunh'as festas prósperas e trascendentas que dean mais sona e bon nome a nosa querida vila. Afalo por tanto a vosa xenerosidade da que antes falábamos a fin de que se desborde con dito motivo.

Forasteros: Poneos cómodos. No os priveis. Estais en vuestra casa. Sois bienvenidos y esperamos y deseamos que os sintais contentos, que seais felices durante vuestra estancia aquí. Vosotros vais a ser a la vez altavoces y termómetros de las fiestas y de vuestra presencia o ausencia en otros años, podremos decatarnos de si sois de verdad gozosos entre nosotros y de si os gustan nuestras fiestas o deseais cambios en las mismas. Dejaos oír. Gracias por venir. Tales son nuestros deseos.

Y así todos, presentes y ausentes, vivamos estas fiestas con espíritu alegre y fraternal, seamos felices al menos por unos días y digamos todos como hace 60 años y por estas mismas fechas decía nuestra eximia

poetisa villalbesa Carmiña Prieto Rouco:

¡Villalba, hoxe'stás galana!.
¡Villalba, Hoxe'stás bonita
Co teu traxiño das festas
Co teu traxiño d'a misa!.
Xa os fogos cruzan o espazo;
Xa os grobos tiran pr'arriba,
Pasean gaitas tuas calles
Hoxe estás de festa, vila.
Xa múseca lanza o vento

Suas notas ¡doces, diviñas!
E roxas bandeiras locen
Seus cores d'amor, ¡de vida!.
¡Villalba, hoxe'stás risoña!
¡Villalba, hoxe'stás goapiña!
Verremos todos a coro
Todos seus filliños: ¡Viva,
Viva, Villalba, por sempre
Qu'é a nosa terra querida!.